



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE XULLO DE 2025

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 13.35 horas do día 9 de xullo de 2025, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Dona Ana Belén Seco Morado

Don César Valiña Irimia

Don José Luis Ramudo Andión

Dona Marina Ramudo Graña,

Dona Sonia Cervantes Rivas

Dona Nicole Grueira Fernández

Dona María Graña González

Dona María Blanca Fernández Martínez

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.-Aprobación das actas das sesións anteriores, de datas 10 de abril e 28 de abril de 2025.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos señores/as concelleiros/as se teñen algunha cuestión en relación a acta que se somete a aprobación.

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade.

2.- Aprobación das Festas locais do Concello para o ano 2026.

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Co obxecto de elaborar o calendario laboral para o ano 2026 para a provincia de Lugo débese notificar á Dirección Territorial de Lugo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración os dous días que se fixan como festas locais no Concello de Pol, así como a denominación da festividade que se celebra, e de acordo coa normativa vixente, e en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983 do 28 de xullo.





Por elo, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Fixar como Festas locais do Concello de Pol para o ano 2026 as seguintes:

- *Festa do Martes de Entroido, a celebrar en data 17 de febreiro.*
- *Festa ao Emigrante, a celebrar en data 24 de agosto.*

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Dirección Territorial de Lugo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.”

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade.

3.- Dar conta dos Decretos de alcaldía de datas comprendidas entre o 4 de abril ata o 3 de xullo de 2025, ambos inclusive.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o 4 de abril de 2025 ata o 3 de xullo de 2025, ambos inclusive.

O Pleno do Concello queda enterado.

4.- Rogos e preguntas.

Hoxe por motivos que teño que marchar vou so permitir catro preguntas.

Responden as concelleiras do PP e do BNG que ten que explicar as causas de porque non vai a contestar todas as preguntas da oposición e senón que o Pleno empece antes ou que contesten as preguntas o Tenente Alcalde ou o resto da Corporación.

A representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández, expón as seguintes preguntas:

- 1) “¿Vai a pedir unha subvención ou algún diñeiro que non sexa só para o campo de fútbol, ou todo o diñeiro que vai pedir é para o campo de fútbol?”

Responde o Sr. Alcalde que “*vou pedir según as necesidades de cada área*”. “*Vou a pedir para todo, para as necesidades do Concello.*”

- 2) “¿A que espera para arranxar as carreteras?”

Responde o Sr. Alcalde “*A ter cartos, nada mais*”, “*sempre son as mesmas preguntas en cada Pleno, e sempre che contesto o mesmo, cando poidamos e cando teñamos cartos*”





- 3) “Tema de autobús. Pedimos acceso á documentación do Convenio SD Sarriana. Eu preguntome, xa que agora se están cedendo bens municipais a concellos de fora, a institucións de fora, ¿cal é o motivo porque o Concello fai iso, e que beneficios ten para o Concello, e se ten un seguro e da fe que está todo legal?”.

Responde o Sr. Alcalde que *“a ignorancia vai moi lexos, tes mala fe e eres mala, a mala non che gaña naide”*. Di Dona Nicole Grueira que conste en acta os insultos xa que está cansada dos seus insultos e contesta a pregunta.

Contesta o Sr. Alcalde que *“a Sra. Secretaria xa che enséña o expediente do autobús, está todo ao día, xa está contestada a pregunta”*.

- *“¿Quen pagou os conductores?”, “O Concello”, responde o Sr. Alcalde, “os de Pol non queren ir porque está vostede peleando para que non suban.”*
- *“Non teño eu outra cousa que facer”, responde a Sra. Grueira. “Unha cousa é que o Concello esté sobrado de diñeiro e compre un autobús, e organice ben as cousas, pero outra cousa es que o Concello de Pol teña problemas para pagar as nóminas dos traballadores do Concello e teña que recurrir a Deputación para pagar gastos xerais”*.

- 4) “Tema da auga. Houbo problemas coa auga estes días e mentres o campo de fútbol estaba regándose, tres veces ao día. ¿Cree que esa é unha adecuada xestión?”.

Responde o Sr. Alcalde *“pero que di, ¿lle faltou auga en casa dos avos?”*, *“Eres mentirosa, e eres unha tramposa, e engañas aos veciños, porque non faltou auga”* Responde o Sr. Alcalde e que conste en acta.

- *“Foron os veciños os que nos contaron que faltara a auga nas parroquias, non houbo presión da auga, ¿vai ter un equipo de traballo que esté pendente das fugas da auga?”*, di a Sra. Grueira.
- *“Cando nos de a Xunta os cartos”, responde o Sr. Alcalde.*
- *Pregunta a Sra. Grueira, “pero ¿quen goberna a Xunta ou vostede?”*
- *“Vamos facer un estudio da rede”*. Responde o Sr. Alcalde.

Acto seguido, comeza a quenda de preguntas da representante do BNG, Dona María Blanca Fernández Martínez, se dirixe o Sr. Alcalde á concelleira do BNG *“Faime a pregunta e sino trátote igual ou levanto o Pleno e non me leva nin dous minutos. Faime a pregunta e non veñas con outras historias”*.

- 1) *“¿Por qué normativa se rixen as traballadoras de axuda no fogar?”*.
- *Responde o Sr. Alcalde “polo Convenio da Xunta de Galicia”. “Foron ao Xulgado as túas colegas e non lle deron a razón.”*
 - *“¿Por que se traslada a algunha traballadora do SAF en coches particulares do Concello, ou de traballadores do Concello ó traballo?. Xa que as traballadoras, no Convenio di que ten que ter, entre outras cousas, coche e carné de conducir”*.





Responde o Sr. Alcalde *“cando se lle avaria o coche pos facemos o traslado nosoutros para non suspender o servizo, e vamos levalos e buscalos”*. *“Nosoutros tamos dando un servizo desde o Concello porque aforramos mais de un 20 ou 30% pero sinon vamos para a empresa e pagamos os recibos que veñan e se acabou o problema”*.

Aporta a Sra. Grueira *“que na empresa xa tiveron e se tiveron que ir porque non se pagaban as facturas, efectivamente, esa opción neste Concello xa está descontada, na empresa privada xa tiveron antes das eleccións”*

“Mire de verdade que levanto o Pleno, ela que este a do ela”, responde o Sr. Alcalde.

- *“¿É non se lle pode dar unha formación previa a esas traballadoras que se contratan sen formación?”*.
 - *“Non vou a contestar a esa pregunta, parece mentira que veña de ti, Blanca, unha persona ben formada. Estamos pasándollo canutas para ter socorristas porque non hai programas”*
Responde o Sr. Alcalde.
 - *“¿Por qué non se pagan a quilometraxe a 0,24 euros como o resto de funcionarios do Concello?”*
 - *“No seu momento chegaremos, ou este mes ou o mes de setembro”*. Responde o Sr. Alcalde.
- 2) *“Da mesma maneira que pagaches os conductores do autobús ¿ Se pagaría o gasoil tamén do viaxe da Sarriana?”*.

Responde o Sr. Alcalde que *“si claro”*.

- 3) *“Vostede no Pleno ordinario de abril contestou a unha pregunta que lle fixen que o súper estaría en marcha en xuño. Pódeme dicir unha data de cando pensa inauguralo, cando se pon a funcionar?”*.

Responde o Sr. Alcalde, *“que quería inaugurar este mes, pero por varios motivos é imposible porque non che serven as cousas a ver si para agosto, pero me é imposible decirche porque vamos paso a paso, agora estamos facendo un obrador, estamos preparando a carnicería, e poñemos novos os conxeladores, estamos preparando todo”*.

- 4) *“Chegou a os meus oídos que a fibra óptica na parroquia de Silva, que problemas ten a obra?, xa parece a obra do Escorial”*.
- *“Aquí houbo unhas programas estatais onde cada empresa colleu unha zona e puxo os postes, por exemplo Torneiros ten as caixas pero non ten a figura que ven dentro das caixas e están sin ela, e en Silva é o mesmo”*, responde o Sr. Alcalde.
- 5) *“¿Cando se fai facer a comida da Terceira Idade no Concello de Pol?”*
- *“Non o sei, non podo decirche, non teño cartos.”* Responde o Sr. Alcalde.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e nove minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

